



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONCELLO DA GUDIÑA PARA O ARRANXO DA CONTORNA DAS IGREXAS DE SAN MARTIÑO, SAN PEDRO E A RÚA MAIOR

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel Ma Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo en virtude das facultades atribuídas polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, José María Lago Cabo, na súa condición de alcalde do Concello da Gudiña actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense a calidade na que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A Rúa Maior do Concello da Gudiña, que vai dende a praza maior ata o cruce coa estrada OU-533 a Viana do Bolo, é unha das principais do núcleo urbano. A maiores A Gudiña é un punto de paso do Camiño de Santiago, enmarcado na Ruta da Prata, e polo tanto moi transitado por peregrinos. O seu pavimento atópase moi deteriorado e levantado en varios tramos.





Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Terceira. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia ten entre os seus obxectivos a protección e difusión do patrimonio cultural galego de xeito que funcione como ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural galega.

Os camiños de Santiago son unha manifestación singular do amplo patrimonio cultural do pobo galego, un conxunto de territorios históricos de valor universal excepcional tanto desde o aspecto material como inmaterial. E como pobo estamos obrigados a conservalos, mantelos e custodialos debidamente para asegurar o disfrute polas xeracións presentes e futuras.

En ningún caso a utilización dos Camiños de Santiago nin a dos seus elementos funcionais poderá supoñer un perigo de destrución ou deterioro, ou realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais. Polo tanto, as obras realizadas no ámbito dos Camiños de Santiago deben de ser compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios. Como criterio xeral deben manter as características principais do territorio que conforman, o que supón o mantemento preferente dos núcleos tradicionais e das actividades agropecuarias e forestais.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo e o Concello da Gudiña, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía, xa sexan veciños ou usuarios ocasionais como os peregrinos.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. O tramo no





que se proxectan as obras, cunha pavimentación moi deteriorada, é moi concorrido por estar integrado na Ruta da Prata. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello da Gudiña ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, conxuntamente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Cultura e Turismo.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Cultura Turismo e o Concello da Gudiña para a reforma e acondicionamento da contorna das igrexas de San Martiño, San Pedro e a rúa Maior, dende a praza da igrexa de San Martiño ata o cruce coa estrada de Viana do Bolo.

A zona de actuación atopase visiblemente deteriorada. O seu pavimento, formado por materiais pétreos, fundamentalmente lousa da zona e granito, sobre unha solería de formigón atópase levantado nalgúns tramos e desfeito noutros. A climatoloxía da zona, oceánico de montaña con frecuentes xeadas nos meses invernales e altas temperaturas no verán, xunto coas filtracións de auga e o tráfico rodado afectaron a estrutura da lousa que debido a súa foliación se deteriora con facilidade. Por esta razón decidiuse substituír o pavimento de lousa por outro de granito, material de



maior durabilidade e con tradición de uso na zona, tanto en construción como en pavimentación.

A Gudiña é unha localidade do Camiño de Santiago, concretamente da Ruta da Prata. O pavimento das rúas do seu núcleo histórico debe de adaptarse a ditas circunstancias, non só por razóns estéticas senón tamén de seguridade viaria.

As actuacións a realizar serán as seguintes:

1.- Traballos previos e demolición

- Levantamento do pavimento de lousas de pizarra e picado do material de agarre adherido á superficie.

2.- Pavimentación

- Substitución do pavimento de pizarra por outro de granito, material de maior durabilidade e de uso tradicional na zona pola proximidade de dúas canteiras dedicadas a súa extracción.
- Colocación de adoquín de granito gris fino rústico no percorrido da Rúa Maior.
- Baldosas de granito abuxardado na praza Maior e no enlace desta coa Praza do Beato Sebastián de Aparicio. Deste xeito queda unificada a pavimentación das dúas prazas.

A superficie total de actuación é de 2035 m².

O orzamento de execución destas obras estímase en CENTO CINCUENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (159.210,70 €).

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello da Gudiña cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello da Gudiña:



1. Llevar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Cultura e Turismo. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Cultura e Turismo, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Cultura e Turismo a data de recepción das obras para os efectos de que poidan enviar un representante se así o estiman oportuno.
8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas e Consellería de Cultura e Turismo) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras destinando para iso ata un máximo de **CINCuenta**





E NOVE MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (59.875,14€), con cargo á partida orzamentaria 08 A1 512B 760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega do ano 2019.

A Consellería de Cultura e Turismo asume o compromiso de financiar as obras destinado un máximo de **CORENTA E TRES MIL TRESCENTOS TREINTA E CINCO ERUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS** (43.335,56 €), con cargo á partida orzamentaria 2019 11-30 433A 760.0, código de proxecto 2015-00380, axudas e convenios para conservación do patrimonio cultural, dos orzamentos da consellería do ano 2019.

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente no 2019.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello da Gudiña xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.





▪ Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2019. A data límite para a xustificación é o 30 de novembro do ano 2019.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.





De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello da Gudiña, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.-SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante da Consellería de Cultura e Turismo e un representante do Concello da Gudiña.

A comisión terá como cometido:

- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

A comisión poderá reunirse as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100%



do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrancia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións. Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestructuras e a Consellería de Cultura e Turismo publicarán no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
infraestructuras.cim@xunta.gal

axencia galega
de infraestructuras

axi

galicia

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende a súa sinatura nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por cuadruplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestructuras

O conselleiro de Cultura
e Turismo

Ethel Ma Vázquez Mourelle

Román Rodríguez González

O alcalde do Concello
da Gudiña

José María Lago Cabo



Xacobeo 2021